

# CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO

En Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

## REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Doutra parte, dona Beatriz Allegue Requeijo, en calidade de xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, actuando en virtude das facultades que lle confire o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o artigo 13.b) do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, establece que lle corresponde ao Consello Reitor aprobar, por proposta da Xerencia da Axencia, o anteproxecto de orzamentos anuais da entidade, que deberá ser remitido para o seu exame á consellería competente en materia de sanidade que, previo exame, remitirao xunto co orzamento da propia consellería á consellería competente en materia de facenda, para a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma.

En virtude desa disposición, no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade conségnanse as transferencias de financiamento tanto correntes como de capital á dita axencia.

Por outro lado, dende o Servizo Galego de Saúde tamén se dotan fondos de natureza corrente para o financiamento de actividades na axencia.

**Segundo.-** No orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, concretamente nas aplicacións orzamentarias que recollen as transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (1101/411A/432.14 e 5001/411A/432.14), existen distintas finalidades de fondos. En concreto, a transferencia corrente de financiamento dispón de fondos propios libres da Comunidade Autónoma, fondos finalistas do Estado e outros fondos europeos.

**Terceiro.-** Que o artigo 46. Dous da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento.

**Cuarto.-** Que, dado que nas transferencias correntes de financiamento existen fondos finalistas que financian actividades concretas na axencia e que pola súa natureza teñen carácter incorporable, é convinte establecer un réxime de libramento diferente para as modalidades de fondos finalistas, e establecer o libramento atendendo ao ritmo de execución dos gastos na Axencia.

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde manifestan a súa vontade de modificar o réxime de libramentos das transferencias correntes de financiamento, e con tal finalidade acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste convenio é establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

### **Segunda.- Réxime de libramentos**

O réxime de libramentos nas transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde realizarase por parte da Consellería de Sanidade conforme ás indicacións que se recollen a seguir:

- No caso dos importes consignados na aplicación financiadora e código de proxecto da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde correspondente a fondos propios

da Comunidade Autónoma, as achegas realizaranse por doceavas partes, conforme ao establecido no artigo 46. Dous da Lei 8/2017, do 26 de decembro.

- No caso dos importes consignados na aplicación financiadora e códigos de proxecto da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde correspondente a modalidades de fondos distintos dos indicados no parágrafo anterior e que teñan o carácter de incorporables, as achegas realizaranse atendendo ao ritmo de execución do gasto destes fondos por parte da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Neste suposto, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde remitirá ao Servizo Galego de Saúde (Dirección Xeral de Recursos Económicos) a correspondente certificación na que consten os gastos realizados, que será achegada á Intervención Delegada da Consellería de Sanidade como xustificante do libramento que se realiza.

### Terceira.- Vixencia

Este convenio terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a súa subscripción, sinaladamente, a existencia nas transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde financiadas con modalidades de fondos distintas á de fondos propios libres da Comunidade Autónoma e que teñan a consideración de incorporables.

A vixencia coincidirá coa da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, podendo prorrogarse anualmente sempre e cando se manteñan nos mesmos termos nas sucesivas leis de orzamentos as disposicións normativas establecidas na citada lei de orzamentos.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data sinalados.

O conselleiro de Sanidade e presidente do  
Servizo Galego de Saúde

A xerente da Axencia Galega para a Xestión  
do Coñecemento en Saúde



Jesús Vázquez Almuiña



Beatriz Allegue Requeijo